




## Enquisa do IGE sobre o uso do galego:



## Para que serve un “tesouro”?

# A foto que fala

Tempo de castañas e tempo de magostos.



Quer botar unha risada e os seus dentes arregaña case un nada: ¡e xa fuxiu a castaña...!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)

Manuel María

## O trasno

Daniel López Muñoz

### É unha lingua, conselleiro, non un tesouro

Os datos sobre o idioma galego do IGE, publicados recentemente, son o que parecen. Resúmeo con concisión Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega: “O galego esmorece”. Perde espazo, falantes, usos. Por primeira vez na serie histórica destas enquisas o galego ten unha porcentaxe de falantes habituais inferior ao castelán.

A maiores, para a xente nova seica resulta unha mera e molesta *asignatura*, pois no grupo de 5 a 14 anos os monolingües en castelán supoñen o 53,67%. Henrique Monteagudo, tamén académico da Galega, é conclusivo: “agora ou nunca”, pois de seguirmos así, “nun par de décadas probablemente deixaríase de haber galegofalantes menores de 15 anos ...e a decadencia do galego tornaría irreversible”.

Para tranquilizarnos, ao fío deses datos, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta publicou un artigo en “Nós”. E comeza coa mesma trécola de sempre. Cito literal: “a lingua é o maior tesouro de todos os galegos e galegas”.

Buff! De todos os argumentos a favor do galego este do “tesouro”, reiterado coma unha ladaíña en cada


“conmemoración”, é o máis suicida. É autoexplicativo. Revelador. Ultimamente, cada vez que o escoito, venme á mente a imaxe dun náufrago e a dun conselleiro-rescatador que lle guinda desde o helicóptero, ...non un aro salvavidas, non unha lancha de goma, non,... senón un cofre de cen quilos. Para que se agarre.

Vexamos. Un tesouro aquelado é un conxunto de ouro, moedas, xoias, pedras preciosas, .... Un tesouro quítase da vista da xente. Atesourar, é sinónimo de gardar, agochar. De feito nas variadas definicións da palabra “tesouro” está sempre presente o de ser algo “gardado ou agochado en algures”, ora na illa deserta, ora na caixa do banco, ora no museo arqueolóxico.

O *tesourismo* sería a gran achega das actuais autoridades autonómicas galegas á sociolingüística universal. Complementa, xunto co *amabilismo*, unha paciente estratexia de erradicación da lingua propia como lingua viva e normal, de uso ordinario no territorio galego. Como na “morte doce” no xogo do mus, tantiño a tantiño, decesen dor. Pois iso, xa que é un tesouro, no canto de usala, mírase para ela. E como somos amabilísimos, cedemos

no seu uso, coa menor desculpa, para non molestar.

No museo dos tesouros lingüísticos, hai un espazo reservado, entre o arameo e o bable. Hase saber. E non é só un logro dos conselleiros -que abondo axudan, non lle quitamos mérito- senón de moita máis tropa, cada quen ao noso nivel. E non é para perder o ánimo, precisamente porque depende de nós, da tropa, da nosa vontade de ser. Os vascos non o tiñan mellor ao final da ditadura, pero quixeron seguir sendo.



## Guerras, relixión, a gran manipulación

O cristianismo é herdeiro espiritual dun executado por blasfemo. O “Templo” non aturou que se lle cuestionasen os alicerces. Anunciar a bondade, o perdón e a aperta infinita dun Deus Abbá, pai/nai de toda a humanidade, comezando polos afastados, as excluídas, os imperfectos, e a xente toda de mal vivir ou de arduo sobrevivir, foi demasiado. Demasiada humanidade para tanta teocracia. Demasiado Amor para tanta men tira sobre Deus.

A relixión, as relixións, teñen unha histórica e irresistible tentación: particularizar, dividir, separar as persoas e os pobos “elixidos”, dos parias. E ao poder entusiásmalle esa idea, e canto máis tiránico, máis lle agrada. A “apropiación” por parte do emperador Constantino do cristianismo como relixión do Imperio, foi, en definitiva, unha carga de profundidade no máis orixinal do cristianismo: ese paradoxo de ser unha relixión contra-relixiosa, unha relixión minimalista, centrada na parábola, humanista e revolucionaria imaxe dunha mesa compartida na que caben todas e todos, na que o xuízo, o divino criterio, non provén da orixe, nin da pureza, nin sequera da pertenza, senón do amor-en-acción, do que se fai co sedento, coa famenta, co desposuído, coa explotada, coa debilidade deste mundo e, por suposto, coa vítimas indefensas dunha historia de guerras -demasiadas delas en nome das relixións.

Se alguén pensou que as relixións, así “malentendidas”, eran cousa do pasado nunha era científico-tecnolóxica, patinou. A instrumentalización do sentimento relixioso polo poder, mesmo para xustificar o inxustificable (ou máis ben, exactamente para iso) é un fenómeno crecente. E moi perigoso. Unha vez que convences aos teus de que tes un aliado divino, a túa barbarie queda santificada.

Esa pegada está no goberno de Netanyahu, co seu neomesianismo, cando invocando a lavé, Deus dos Exércitos, masacran a quince mil nenos e nenas da “humanidade inferior”, contaminados por seren de “fóra” do pobo elixido. E, complementariamente, está no réxime dos aiatolás (palabra que significa “sinal de Alá”). E está tamén nas visións e estilos da anti-política que transmite Trump, salvado por Deus con man poderosa dos intentos de magnicidio. E non en menor medida estaría en Putin, devoto ortodoxo de última hora.

Os nostáxicos do nacional catolicismo están moi motivados. Rezan o rosario anticomunista diante das sedes socialistas, organízanse en asociacións “cristianas” de todo tipo para tumbar os avances en dereitos e iguais, descualifican por herexe peronista ao Papa Francisco.

Por certo, Francisco expresou recentemente un gran optimismo ecuménico, indicando que “todas as relixións son camiños cara a Deus. Son diferentes idiomas que expresan o divino”. Probablemente si; esa sería a cara da moeda. Pero unha vez instrumentalizadas polo poder inxusto e aguerrido poden resultar precisamente en todo o contrario; esa sería a cruz, nunca mellor dito.

---

Unha vez que convences aos teus de que tes un aliado divino, a túa barbarie queda santificada.

---

## Donald Trump ou Kamala Harris

No intre de escribir estas liñas non se celebraron aínda as eleccións nos EUA. O mundo está expectante: Donald Trump ou Kamala Harris. Especialmente tenso está o chamado mundo occidental. E madía leva, están en cuestión os máis elementais dereitos humanos e a mesma democracia formal.

Como primeira consecuencia, se gaña Trump, producirase o seu recoñecemento como presidente dos EUA, na lóxica democrática vixente.

De gañar Kamala Harris, a súa vitoria non sería recoñecida por Donald Trump, como xa fixo con Joe Biden, asalto ao Capitolio incluído. Esta é a liña habitual da extrema dereita e das formacións de dereita “fascio-contaminadas”; tal é o caso do PP, que nega por sistema a lexitimidade de calquera goberno que el non encabece. Este vén ser o preludio para demoler a democracia.

Se gaña Trump, a onda neofascista crecente verase fortalecida en todo o mundo e abrírase a vía da súa articulación formal nunha sorte de “Internacional” neofascista ou da dereita extrema que afectará moi especialmente a Europa, onde rexen xa alianzas negras, acordos e encontros ameazantes que cobran forza e están a contaminar moitas formacións da dereita conservadora ou liberal en demasiados países. Un exemplo paradigmático é a deriva tomada polo PP en España. Será moi relevante o durísimo golpe que sufrirá todo o traballo desenvolvido a prol dos dereitos das mulleres e a loita pola súa emancipación do xugo patriarcal. Neste sentido, é significativo que esta confrontación, tan determinante, se produza xusto entre unha muller e un home.

A vitoria de Harris vivírase como un respiro de alivio, pero só significará un

pequeno dique de contención que evitará, de momento, a ameazante inundación do extremismo dereitista. E aínda que non arredará de vez o perigo extremista, si podería facilitar a consolidación e ampliación do dique de contención, e poderíanse implementar políticas e abrir procesos de rexeneración e afondamento democráticos, única vía eficaz para esconxurar a pandemia neofascista. A vitoria de K. Harris terá un evidente arrecendo feminista, entre outras cousas, porque só será posible pola implicación determinante e decisiva das mulleres no seu triunfo.

Moitas máis consecuencias negativas carrexaría a vitoria de Trump, pero cómpre sinalar, entre todas, a expansión e incremento da violencia política e da confrontación bélica, que atormentan a todo o mundo e que sofren máis directamente e con brutal crueldade os civís, sobre todo mulleres e nenos, das clases populares, medias e máis desfavorecidas.

De gañar K. Harris, o actual clima bélico, ende mal, mudaría pouco a curto prazo, dada a fortaleza e densidade da rede de intereses criminais que o propician; pero poderíase evitar unha confrontación global de nefastas consecuencias.

A única certeza esperanzadora, se gaña Trump, é que o seu triunfo sería irremediamente efémero, dada a incapacidade técnica, política, cultural e moral das súas políticas para abordar, e menos resolver, os problemas cardinais da sociedade e da vida das persoas. Problemas que afectan xa a propia supervivencia da especie humana. Lembremos o sucedido, no seu día, co nacional-socialismo: pretendían abrir unha época de mil anos e non durou nin quince. Iso si, a súa caída implicaría demasiado “sangue, esforzo, suor e bágoas”.

A vitoria de Kamala Harris sería un mal menor ao que agarrarse —resucitando o vello “tuciorismo”—, que non nos evitará percorrer o duro camiño da loita polas liberdades, a igualdade, a xustiza e a dignidade do ser humano. Isto con K. Harris sería unha utopía, con D. Trump é unha quimera.

**A vitoria de Kamala Harris sería un mal menor ao que agarrarse**



© Foto: BBC News

# ...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

TRIMIA

## Estamos en guerra, pero hai que reflexionar

Se cadra, o máis rechamante das reaccións á noticia de que o galego xa non é a lingua maioritaria do país foi a sorpresa. No fondo, nos datos do IGE, non hai nada que non nos viñera avisando Henrique Monteagudo nos informes da Real Academia ou mesmo, poñéndose algo melancólico, no Informe dramático de Alonso Montero de 1973. Por certo, un texto que despertara unha reacción desmesurada desde o nacionalismo. Unha xenreira que máis parecería motivada polo dominio político do campo da lingua —Alonso era do PCG— que polo informe en si.

Logo da sorpresa, estendéronse outras dúas reaccións: a desesperación e a ira. Multiplicáronse os “todo está perdido, non valemos para nada”, etc. E, ao mesmo tempo, a busca do culpable, que non podía ser outro que o PPdeG e o Decreto de Plurilingüismo. Non vou ser eu quen defenda aos populares, responsables en gran parte da situación, pero moito me temo que non vai ser dabondo un cambio na Xunta para amañar a situación da lingua.

Cando a depresión e a ira amainen, habrá que reflexionar, como nos dicía Antón Reixa. Analizar e actuar desde os datos que hai, non desde os que nos gustaría que houbera, e actuar coñecendo as forzas que temos, non desde as que deberíamos ter.

Isto leva a dous comentarios. O primeiro, político. A estratexia a prol do galego ten que ter en conta que o PPdeG é o partido hexemónico en Galicia, nas institucións e no tecido social. Por outra banda, non hai posibilidade real nestes momentos de que o PPdeG



© Foto: quereamosgalego.com

poida separarse moito da vaga centralizadora do PP. Non son tempos para un novo Plan de Normalización coma nos tempos de Fraga. A estratexia terá que diferenciar entre a retórica de máximos nos debates no Parlamento e os acordos pequenos. Atribúese a Romanones aquilo de “Fagan vostedes as leis e déixenme a min os regulamentos”; o pequeno sector da boina, o do propio conselleiro de Cultura Xosé Campos, pode aceptar e impulsar cambios aparentemente menores, como aumentar as excepcións ao Decreto, mellorar os financiamentos, etc.

Pero, aínda que o poder da política é grande, non o é dabondo, precisa da complicidade social. E sobre a complicidade social temos un caso de éxito do que copiar: Nunca Máis. Na etapa boa, Nunca Máis era informe, non tiña dirección disciplinada... pero era enormemente eficaz. Cando se lle quixo dar forma e control, alá foi. Para recuperar o galego sobran sectarismos, necesítanse complicidades e imaxinación. Hai que aprender dos que saben: “O que poida facer, que faga; o que se poida mover, que se mova”.

**Para recuperar o galego necesítanse complicidades e imaxinación**

# O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu




## O galego no eido relixioso

Contan os papeis que o galego vai esmorecendo. Pode ser. Miro algún xornal que recibe ben de cartos da Xunta por favorecer a lingua e, ás veces, o único texto que atopo en galego é unha esquela, coido que sen subvención. Con todo, teño que salientar dous feitos positivos no eido da Igrexa. A comezos do verán houbo unha xuntanza de curas galegos no Corpiño. Case 150, acompañados dos 5 bispos de Galicia. Houbo misa e actividades, todas desenvolvidas en galego. Hai que lle dar os parabéns a D. Alfonso, bispo de Lugo, que tivo a iniciativa. A cousa vai continuar o próximo ano.

O segundo foi ao remate do verán. As Xornadas Sacerdotais de Poio, que van pola 40ª edición, reuniron un cento de curas de toda Galicia e coincidiron coa xuntanza de relixiosos. Foi ben bonito ver rezar xuntos a curas, monxas, frades e bispos, todo en galego. Andaba polo medio o irmán Reboiras, que ben merece un quilo de medallas Castelao.

Soubemos que en Galicia hai máis de cen curas chegados de fóra que exercen nas parroquias: venezolanos, colombianos, africanos, polacos, indios... A cousa é que non se encarnan moi ben na cultura e menos no idioma. Aí temos un problema. E non deberían pasar por algún curso de integración e aprendizaxe? Velaí vai!



### O CARRABOXO UXO por KOBE LOIS

O FISCAL XENERAL DO ESTADO INVESTIGADO!  
 QUE VERGONA DE PAÍS! QUE DIRÁN FORA!  
 COMO ESTÁ A POLÍTICA! QUE NOXO! NUNCA  
 SE VIU OUTRA! NON TEÑEN REMEDIO!  
 AINDA NON SEI DE QUE PARTE ESTÁ!



UN FONDO DE PENSIONES DOS PAÍSES  
 BAIXOS COMPRA A AP-9)  
 MÁIS ABAIXO NON PUIDEMOS CAER!



# O peto común

Teresa Souto



EMIA

A importancia das persoas que nos rodean, a importancia da familia biolóxica e da familia escollida ao longo da vida. Como seres sociais, necesitamos das outras persoas; vivimos en sociedade, convivimos, e, se temos moita sorte, temos unha familia acolledora, unha familia na que medrar, facernos persoas adultas e convivir, con momentos mellores e momentos máis difíciles, onde mostrar apoio mutuo, con discusións e días mellores, como familias normais, e con amizades que son familia. Pero hai persoñas, crianzas, que non teñen esa sorte de contar cunha familia biolóxica que poida, que queira, ou que cumpra coas habilidades básicas para protexer e ofrecer unha contorna segura. Por iso é tan importante tamén o papel das familias de acollida, que ofrecen calor de fogar a crianzas que non poden dispoñer del, e das familias adoptantes, que se converten nese apego seguro que as crianzas precisan.

As compañeiras e compañeiros dos servizos sociais, dos equipos de educación familiar, traballan coas familias e interveñen para apoialas e conseguir unha mellor convivencia e un mellor día a día para as/os máis pequenas/os, así como os equipos de profesorado que se involucran nas súas vivencias. Tamén os profesionais sanitarios, en fin, un conxunto de persoas, pro-



fesionais, veciñanza e amizades, intentan observar e detectar cando unha persoa menor precisa de apoio, de axuda, cando unha familia, por moitos e diversos motivos, non pode prestar o apego e o fogar necesario para que as crianzas medren e se desenvolvan de xeito saudable na súa vida. As nosas crianzas son a sociedade do presente e do futuro.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

En outubro de 2017 tocoume facer unha entrevista para esta, a nosa revista, sobre o Proxecto Fratelli. Como non te lembrarás, lóxico, pasaron máis de sete anos, cóntoche.

O Proxecto Fratelli é un proxecto no que participan varias ordes relixiosas. Este desenvólvese en Beirut, Líbano. Trátase de acoller aos nenos e nenas refuxiados, que no Líbano hainos moitos. A súa casa é unha inmensa casa de acollida.

Pois funlles seguindo a pista e fun vendo o que facían. Seguían acollendo e ampliando as súas actividades. A cousa ía ben ata que chegou a guerra, unha vez máis, ao Líbano. Xa sabedes, Israel poñendo a lei do máis forte e arrasando con todo, esquecendo que o ollo por ollo só pide o ollo (que xa abonda) e non todo o corpo.

As noticias que teño dos relixiosos que continúan alí son as seguintes. As diferentes ordes relixiosas pediron que marchasen porque non se podía asegurar a seguridade dos diferentes relixiosos e voluntarios vinculados ao proxecto. A resposta está clara: "Agora é cando a nosa xente máis nos



necesita." E alí están, buscando colchóns, comida e tratando de solucionar as emerxencias de toda a xente que chega. Co ruído de fondo dos bombardeos e as historias dos fuxidos da razón da sinrazón, van construíndo un reino novo. Son os *fratelli*, os irmáns, os que se toman o Evanxeo como o que é.

# A peneira

Beatriz Cedrón

Unha sesión de contos nos que se narraban as vivencias de mulleres que vivían soas, e que derivou logo en podcast, rematou por estrearse en formato de teatro documental no pasado Festival Internacional de Outono de Carballo. Paula Carballeira, María da Potragha e Vero Rilo (Berrobambán) presentaron en clave de comedia **MULLERES** que viven soas, na que amosan distintas maneiras de sentir a soidade.

Imaxe: [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal)



ALVAREZ BLANCO  
 CAAMAÑO CASTRO  
 FERNANDEZ  
 FREIRE GARCIA  
 HANKE GOMEZ  
 GONZALEZ IGLESIAS  
 LEIRA LOPEZ  
 MARTINEZ MILLERO  
 OTERO NIÑO PEREZ  
 RODRIGUEZ  
 SOUTO VARELA

Ata o século XV, en Galicia os documentos escribíanse en galego. A partir do século seguinte, os notarios pasaron a escribir os textos en castelán e, como resultado diso e da castelanización dalgúns apelidos tamén nas inscricións nalgunhas parroquias, perdéronse as formas orixinais de moitos deles. O proxecto da **USC** Cartografía dos Apelidos de Galicia, coordinado por Ana I. Boullón e Xulio Sousa, ofrece información sobre a frecuencia e distribución dos apelidos en Galicia na súa páxina web: <https://ilg.usc.es/cag>.  
 Imaxe: [ilg.usc.gal](http://ilg.usc.gal)




A certificación FSC acredita que a madeira que a posúe provén dunha xestión forestal sostible, viable, responsable e socialmente beneficiosa. En Galicia, a entidade EGS é a encargada de velar polo cumprimento dos seus criterios e indicadores. Neste marco, a **Federación Ecoloxista Galega (FEG)** solicitou a suspensión do certificado e a prohibición de uso do selo nos produtos elaborados a partir da madeira de eucalipto de EGS, denunciando fraude masivo na certificación de milleiros de monocultivos.  
 Imaxe: [federacionecoloxistagalega.org](http://federacionecoloxistagalega.org)

Os datos de mobilidade en Galicia confirman unha tendencia nas cidades que se vén rexistrando desde hai anos: cada vez se matriculan **MENOS COCHES** e tamén hai menos persoas que obteñen o permiso de conducir. No rural, con todo, acontece o contrario, e segue a medrar o número de vehículos particulares, imprescindibles para acceder a moitos recursos. A mellora do transporte público nas urbes e a falta dun modelo axeitado no rural semella ser unha das causas.  
 Imaxe: [bytic.es/](http://bytic.es/)






Segundo datos de investigadoras do centro público de investigación **CREAF**, para o ano 2050 o 90% dos terreos agrícolas estarán degradados. Os métodos convencionais, baseados no uso intensivo do chan, de maquinaria pesada, petróleo e agroquímicos, empobrecen a diversidade e eliminan a cuberta vexetal. Como alternativa, propoñen a agricultura rexenerativa, que procura restablecer a saúde e a fertilidade do chan cun modelo que incorpora o coñecemento científico e prácticas respectuosas con el.  
 Imaxe: [www.creaf.cat](http://www.creaf.cat)



**ADEGA** informa que, segundo datos da USC, queda acreditada a presenza no territorio onde se pretende instalar a macrocelulosa de Altri de catro especies de plantas ameazadas, algunhas únicas no mundo. Doutra banda, diante da negativa da Xunta a considerar as alegacións presentadas por milleiros de persoas, segundo argumenta, pola súa falta de interese lexítimo, as Plataformas Ulloa Viva e en Defensa da Ría de Arousa convocaron unha nova manifestación para o 15 de decembro en Compostela.  
 Imaxe: [www.nosdiario.gal](http://www.nosdiario.gal)

A última enquisa do **IGE** sobre o uso do galego amosa que, por primeira vez na súa historia, o galego non é a lingua máis falada no país. As advertencias sobre a caída no seu uso non tiveron o efecto desexado. Entre as causas, sinálanse os efectos negativos dos case quince anos de vixencia do Decreto de Plurilingüismo na escola, a desaparición do galego do ocio, da administración de xustiza e do eido empresarial. A Xunta, pola súa banda, fala do aumento da poboación inmigrante como causa.

Imaxe: [www.publico.es](http://www.publico.es)



A plataforma de contidos dixitais da **TVG** estreou en outubro Recollendo músicas, un formato que explora ao longo de 10 episodios a visión que outras tantas músicas e formacións galegas teñen sobre a influencia da música tradicional nas propostas musicais actuais. Belém Tajés, Comando Curuxás, Alana, Nebra, Breo, Lontreira, Moura, Abril, Carme López e Carabela aparecerán cada semana ao longo da primeira tempada desta nova proposta.

Imaxe: [undodez.gal](http://undodez.gal)



R. García



Anxo Angueira: “O galego está recuando de xeito que pode tornarse inexorable”



© Foto: Xurxo Lobato

Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro. Foto de Xurxo Lobato para a Fundación Rosalía de Castro

*En conversa con Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, exploramos o papel da escritora como precursora de ideas contemporáneas como o feminismo e a xustiza social. Abordamos tamén a situación actual da lingua galega, proponendo accións urxentes no ensino e os medios de comunicación para frear o seu declive. Anxo Angueira, eloxia o papel da revista **Irimia** que representa un “galeguismo cristián indispensable”, capaz de “galeguizar unha igrexa que moitas veces actúa e fala coma se fose estranxeira”.*

**No teu discurso de ingreso na Real Academia Galega, mencionaches a necesidade dunha “defensa insubornable” do galego. Que medidas concretas consideras urxentes para garantir a súa supervivencia e presenza en todos os ámbitos da sociedade?**

As medidas concretas deberían centrarse en moitos ámbitos, pero dun xeito especial no ensino e nos medios. O que me parece realmente urxente é un acordo político consensuado a respecto desas medidas. E a RAG debería loxicamente estar aí e cumprir o seu papel.

**Como presidente da Fundación Rosalía de Castro, que novos proxectos che gustaría impulsar para achegar a figura de Rosalía ás novas xeracións?**

A Casa de Rosalía é moi visitada por escolares e merecen desde logo unha atención especial. Para eles creamos concursos creativos e editamos antoloxías e estamos agora mesmo tamén preparando unha biografía adaptada. Continuaremos desde logo tamén con aqueles proxectos, como a celebración do Día de Rosalía que tanta forza ten no mundo escolar. A nosa proposta do “Caldo de gloria” ten moita aceptación precisamente neste ámbito.

**Rosalía aglutina todo o espectro político, económico e social, sendo un punto en común co que todos se identifican. Estás dacordo?**

Si. A nosa visión é esa. Detrás da Casa de Rosalía estivo todo ese espectro político e social que nos tempos de Franco conseguiu facela un punto de referencia para Galicia. E hoxe tamén. Sempre digo que Rosalía é a figura que

**É urxente un acordo político consensuado respecto da lingua.**

nos une e nos representa no mundo. Pero ademais, e isto é algo moi importante, tamén nos move.

**A percepción de Rosalía de Castro tamén evolucionou nos últimos anos. Redescubrimos a Rosalía precursora do pensamento contemporáneo en temas como o feminismo ou a xustiza social. Cres que este cambio de perspectiva é clave para manter o seu legado vivo nas novas xeracións?**



Unha exitosa iniciativa da Fundación Rosalía de Castro, O Caldo de Gloria

Todo o que se foi redescubriendo non fixo máis que alimentar a contemporaneidade da súa figura e da súa obra. O discurso literario e social e Rosalía non envelleceu, ó contrario: está máis vivo ca nunca. E por iso chega tamén ás novas xeracións como referente alternativo.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) vén de publicar unha enquisa na que se pon de manifesto que o castelán está gañando terreo ao galego. Segundo o IGE só un 24,37% das persoas falan sempre en galego fronte ao 29,66% que falan castelán. Que está pasando? Como revertemos esta situación?

Está pasando algo grave, desde logo. Estamos recuando de xeito que pode tornarse inexorable e é urxente tomar medidas. Especialmente grave é a situación no período escolar. E non digo que esa situación só sexa derivada da escola. Está o parque, a socialización neste período infantil e xuvenil, e están tamén os medios, os programas de televisión..., as pantallas ás que teñen acceso. De tódolos xeitos, os que criamos fillos en contextos adversos, tamén sabemos que estes poden ser casos reversibles se especialmente na familia se mantén a lingua galega, algo parecido a unha inmersión doméstica. En todo caso, esa inmersión creo que

é necesaria nalgún tipo de contexto. E para iso cómpre algo máis cá vontade dos pais. O que non podemos é seguir así, desde logo. Cómpre asumir que esta non é a deriva axeitada para a su-

## Traballo para que esa Galicia Ceibe que tantos soñamos chegue algún día.

pervivencia da nosa lingua. A solución non é doada nin simple. Pero cómpre buscala tanto no ámbito político coma no social.

**Este ano presentouse o anteproxecto da nova lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no que se fala de flexibilizar os usos lingüísticos, dando paso a outras linguas como o español e o inglés. Cres que esta estratexia compromete o papel da CRTVG como medio de defensa e promoción da identidade e cultura galega?**

O papel da CRTVG, desde que foi creada, foi determinante na historia contemporánea do galego. E debería seguir séndoo. Ese era un dos seus principais obxectivos.

**Cando falamos das linguas cooficiais de España, como o éuscaro ou o catalán, moitas veces as políticas**



# Ferrados de Corazón

Anxo Angueira: *“O galego está recuando de xeito que pode tornarse inexorable”*



Rosalía coa familia, por Juan Palmeiro e fillos, A Matanza, Padrón. 1883-4 (Fundación Rosalía de Castro)

que se aplican a estas linguas seguen liñas diferentes ás do galego. Existe unha “discriminación” cara ao galego en termos de apoio ou investimento público?

Cada territorio ten unha lóxica distinta, porque distintas son as súas historias e as súas sociedades actuais. Polo tanto, a situación da lingua e as súas perspectivas tamén son moi distintas. Por iso aquí nunca foi viable a creación de algo similar ás ikastolas vascas ou en Cataluña non serve aquilo de “lingua proletaria do meu pobo”. Probablemente no caso galego haxa nese sentido un apoio menos decidido ca nos casos de Euskadi e Cataluña. Pero despois aínda están o astur-leonés, o catalán de Valencia, Baleares e Aragón, o galego de Asturias, León e Zamora...

**Nos últimos tempos escoitáronse casos de discriminación cara a per-**

soas que falan galego ou que teñen acento galego, tanto dentro como fóra de Galicia. Cres que aínda persiste un prexuízo social cara ao galego?

De discriminacións e humillacións xa falaban Sarmiento e Rosalía. De tódolos xeitos creo que cada vez, por sorte, esas mostras van desaparecendo e, en todo caso, eu non percibo xa aquela vergoña do propio idioma que tanto mal nos fixo. Por sorte non, grazas ó esforzo resistente das xeracións que nos precederon e nos mostraron o camiño.

**Tendo en conta o papel da revista *Irimia* na defensa da identidade galega, como valoras a súa contribución á difusión do pensamento galeguista e a súa influencia no activismo social e cultural contemporáneo?**

Trátase dun referente. *Irimia* fixo e fai un traballo xeneroso e eficaz nun ámbito sumamente importante. O

galeguismo cristián, ademais, é indispensable para galeguizar unha igrexa que moitas veces actúa e fala coma se fose estranxeira.

**Para rematar, Anxo, cal é o teu soño para a lingua galega nos vindeiros 20 ou 30 anos? Cres que a situación mellorará ou temes que se perda parte desa riqueza que Rosalía tanto defendeu?**

O meu soño creo que é o mesmo de moitos outros do meu tempo. Pero

**No caso do galego hai apoio menos decidido ca nos casos de Euskadi e Cataluña.**

tamén é o soño que herdamos. De aí que para min Galicia sexa identidade, pero tamén proxecto. Eu son optimista. Por iso traballo todo o que podo para que esa Galicia Ceibe que tantos soñamos e soñaremos chegue algún día.

Máis información en [rosalia.gal](http://rosalia.gal)

## XXXVIII Foro Encrucillada. Igrexa aberta por reformas



Estamos en tempos de sinodalidade, e na Igrexa estanse vendo vir os cambios que hai tempo precisa... O papa Francisco segue a moverse, ás veces non tanto como quixeramos, pero desde que chegou á cadeira de Pedro non fai máis que insistir nunha Igrexa en saída. E este foi precisamente o tema que o XXXVIII Foro Encrucillada propuxo a todas as persoas que nos congregamos o pasado sábado 5 de outubro no salón de actos do Colexio da Compañía de María, en Compostela. Acolléronnos as palabras de benvida de Lois Ferradás, membro do Consello e colaborador na Escola Galega de Espiritualidade.

Sentímonos moi honrados de ver e escoitar o arcebispo de Santiago, mons. Francisco Xosé Prieto. Foi o primeiro arcebispo que sentou na mesa de relatores despois de 38 anos. Todo un xesto para nós, a xente de Encrucillada, historicamente tan pouco apreciada nos círculos eclesíasticos composteláns. Puidemos constatar como a liña pola que quere o arcebispo que camiñe a nosa diocese coincide coas aperturas propostas polo papa Francisco, e aínda que non aterrou moito na realidade eclesial galega concreta, si marcou unha folla de ruta coa que

todos respiramos aliviados... Ogallá vexamos os cambios cara á sinodalidade e a participación. Ogallá unha Igrexa arremangada diante das realidades máis marxinadas e marxinais!

**As Mulleres de Exeria queremos poñer ao clareo todas as demandas que o mundo nos fai**

No descanso da mañá, a ONG Solidariedade Internacional serviunos café, zumes e biscoitos de proximidade e comercio xusto, porque a xustiza alimentaria é unha premisa ineludible para o coidado global, tan necesario! Despois interveu Andrés Torres Queiruga, presidente da asociación, que foi debullando coa finura teolóxica á que nos ten afeitos como Xesús de Nazaret, o Cristo, é principio e fundamento desa Igrexa en saída.

Pola tarde, Koldobi Velasco, muller de pacifismo e denuncia, activa en tantas loitas de fronteira por terras

canarias, debullou para todos como construír un novo mundo como Igrexa en saída. Recuperou verbos novos e vellos como cuestionar, desprivilexar, desmilitarizar, decrecer, descentralizar, desexar, abrazar a diversidade, esperar, desmercantilizar, acuepar, desclericalizar, ternurizar, profetizar... Porque os cambios son posibles no pequeno, desde o coidado e a tenrura.

Rematamos celebrando a transformación que queremos ver, colgando nun tendal os reclamos que a sociedade nos fai como Igrexa, falando de vida e sororidade arredor dunha corda de tender a roupa cos versos de Luísa Villalta. As Mulleres de Exeria propuxéronnos sacar do armario e poñer ao clareo todas as demandas que o mundo nos fai, para construír un mundo novo, para facer reino. A oración de Manolo Regal e a *Samba da utopía*, interpretada por Xaquín R. Pomares, puxeron o ramo a un foro que nos chama a abrir a porta, a deixarnos atravesar polos gozos e esperanzas deste noso mundo, como reclama *Gaudium et Spes*.

**De acontecer afinal  
De entrar no noso quintal  
a palabra tiranía  
Pegue o tambor e o ganzá  
Imos á rúa gritar  
a palabra utopía**



## Vivir e perdurar na nosa lingua



Abderrahim, responsable da comunidade musulmana galega, Xosé Luís Zapata, pastor evanxélico, e Rubén Aramburu, cura católico, aunados sobre do Cancioneiro de Ajuda.

O día 15 de outubro, o Consello da Cultura Galega celebrou en Santiago o XXVI Encontro para a Normalización Lingüística, unha vez máis como un espazo de diálogo, información, reflexión e propostas. O tema deste encontro foi o uso ou non uso da nosa fala nos ritos funerarios en Galicia.

### Primeira mesa de comunicacións

A xornada estivo ben organizada, cun amplo e variado conxunto de aspectos que tiñan que ver co lema da xornada. Despois da presentación da mesma por parte de responsables do Consello da Cultura Galega, tiveron lugar as tres primeiras comunicacións. O investigador e xornalista David Canto Veiga falou do traballo de campo realizado en 141 concellos de Galicia para analizar a frecuencia das inscricións de lápidas mortuorias en galego. En xeral, o número é reducido. Destacan o 21% de Rianxo, o 16% de Castro de Rei, o 15% de Lourenzá, mentres que o resto dos concellos teñen un 1-2%. Victorino Pérez Prieto falou dos séculos escuros do galego, sinalou o desleixo histórico por parte da Igrexa galega e subliñou a postura proactiva dalgúns clérigos e dun considerable

número de leigos galegos que dignificaron a fala.

Victorino insistiu na importancia do “Bienio Irmandiño”, unha campaña promovida pola Asociación Irimia durante os anos 1999-2000 para a galeguización da Igrexa galega. O feito público desta campaña que tivo máis repercusión foi o de “Galegos de por vida”: a firma ante notario dun mani-

## a Igrexa galega nunca fixo ningún plan de normalización lingüística na liturxia

festos no que se expresaba o desexo de que a morte se celebrase en galego, instando as familias a que así o fixesen. Houbo un bo número de persoas que asinou tal documento, pero a iniciativa foi perdendo forza sen moita transcendencia.

A continuación, quen isto escribe expuxo algunhas das razóns polas que á Igrexa lle custa avanzar neste eido: a idea de que o castelán é máis digno que o galego, e tamén que o uso do galego é cousa de separatistas, sen ver que a fala é o resultado dun esforzo cultural inmenso por parte de millóns de galegos e galegas ao longo de séculos, o que debería facernos sentir orgullosos. É o noso, somos nós. Ademais, mencionouse tamén a reacción conservadora da Igrexa despois do Vaticano II; nos seminarios, o uso do galego non tiña ningún interese pastoral; unha formación relixiosa que, aparentando unha elevada espiritualidade, conduce a comportamentos pouco evanxélicos, como é desprezar a cultura, a vida e a historia da xente “pobre”.

Publicáronse os libros necesarios (Biblia, Misal, Leccionarios, Rituais), pero a Igrexa galega nunca fixo ningún plan de normalización lingüística na liturxia nin alentou iniciativas neste sentido, a excepción do bispo Araújo Iglesias de Mondoñedo-Ferrol. A cuestión quedaba á libre disposición de cada quen.



Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística e persoal do Consello da Galega abrindo o encontro.

A diminución das persoas transmisoras do uso normalizado do galego pola morte dos nosos maiores e dos curas comprometidos coa normalización tamén é preocupante.

A designación como bispos de persoas non galegas tamén é un atranco, non tanto polos bispos en si, senón porque, ao acollelos, nós mesmos renunciamos ao uso do galego. Máis serio é o problema dos curas que veñen de fóra e, sen un coñecemento previo da realidade cultural de Galicia, pasan a rexentar parroquias.

Insistiuse na necesidade dun plan de normalización do galego neste campo concreto: ter claro a onde queremos chegar e, logo, paso a paso, accións, tempos, revisións, correccións, sen

impoñer, convencendo... un traballo paciente e firme.

Empoderar á xente, axudando a ver que o galego é un orgullo para nós. Ofrecer materiais de forma axeitada para ir convencendo, ser pacientes

## Imos conseguindo o que se pretende: “Vivir e perdurar na nosa lingua”

pero constantes, respectuosos pero motivadores. Os escritos do bispo Araúxo Iglesias son de grande axuda para isto. E manter sempre un talante amable, acolledor, servidor.

### Segunda mesa de comunicacións

Estivo formada por un pastor evanxélico, Xosé Luís Zapata, un representante da comunidade musulmá, Abdel, e o cura católico Rubén Aramburu Molet. Resultou interesante este encontro. Os evanxélicos teñen en galego un NT e un libro de historias bíblicas para nenos; nos ritos funerarios usan o castelán. Os musulmáns —40.000 en Galicia, repartidos en 33 comunidades— ven como son os seus fillos nados aquí, galegos, os que se inician no uso do galego. Ambos os grupos andan moi preocupados por dispoñer de cemiterios propios. E Rubén, el si, promotor do galego, subliñou a resistencia ao galego entre o clero novo.

### Terceira e cuarta mesa da tarde

Na primeira hora da tarde, persoal de diferentes funerarias falou do posible uso do galego nas notas necrolóxicas, nos comunicados radiofónicos ou nas lápidas das tumbas. Sobre un 5% das notas están en galego. Mostraron unha actitude positiva ao respecto. No último momento, persoal do propio Consello da Cultura Galega comentou proxectos derivados de encontros anteriores que deron bos resultados para o incremento do uso do galego.

Do dito e traballado neste encontro tamén se extraerán algunhas liñas de traballo que se compartirán coa sociedade para ir conseguindo o que se pretende: “Vivir e perdurar na nosa lingua”.



David Canto Veiga, Victorino Pérez Prieto e Manuel Regal Ledo dispostos a dar a súa comunicación.

# Un país cheo de historia/s

Felipe Arias Vilas

## No Val do Miñor, a costa de Oia e a Serra da Groba



Mosteiro de Oia

A extensa comarca, e lindeiros, denominada do Val Miñor (ou do río Miñor, cruzado pola ponte medieval da Ramallosa) ten moito interese histórico e patrimonial, e confórmasse en torno ó citado río, non lonxe da beira atlántica e incluíndo a Serra da Groba, entre Nigrán e Oia pero cun importante papel dos concellos de Baiona e Gondomar. Desta comarca sabemos moito en boa medida

polo inxente traballo do Instituto de Estudos Miñoráns, que vén realizando desde hai anos moitas actividades e publicacións de todo tipo e conta con persoas sempre dispostas a compartir os seus saberes e experiencias a prol desta ampla zona do suroeste galego.

Como practicamente en toda Galicia, a comarca miñorá ofrece moitas e variadas mostras das etapas pre e

protohistóricas, con espectaculares conxuntos de gravados rupestres coma o da Pena da Auga da Laxe, ademais de restos megalíticos, castros, e tamén con achados arqueolóxicos galaico-romanos, por exemplo na zona de Mougás, ou altomedieval coma o castelo da Serra do Galiñeiro, un alto cordal granítico como a citada Serra da Groba, áreas de moito interese natural e patrimonial.



Diego Sarmiento de Acuña



Nigrán, capela sueva e Templo do Mar



Pena da Auga da Laxe

A Idade Media, iniciada cando se ergueu a capela suébrica en Panxón (logo afrontada ó Templo Votivo do Mar de Antonio Palacios), vén porén nucleada polo Mosteiro de Oia, fundado no 1137 pola Orde do Císter, nun enclave singular con elementos históricos e mesmo etnográficos, como é a súa comboa ou recinto que aproveitaba as mareas para a pesca litoral. Hoxe queda a igrexa, coa súa fachada barroca cara ó mar, desde a que se escorrentou ós piratas turcos no s. XVII, o que lle valeu para recibir da monarquía española o título de 'Real'. Pasada a Desamortización de 1846, xa no s. XX este mosteiro converteuse en campo de concentración franquista e, en tempos recentes, tras varios intentos frustrados de rehabilitación para ter un uso hostaleiro, agora estes parecen chegar a callar, iso si, con substanciosas axudas públicas da Administración autonómica.

A Idade Moderna, a partir da segunda metade do s. XVI está marcada no Val Miñor polos Condado de Gondomar, sobre todo polo seu primeiro titular, Diego Sarmiento de Acuña, que nos tempos de Felipe II afrontou o episodio da captura do pirata inglés Francis Drake e xogou un importante papel diplomático de embaixador en Londres. Tamén cómpre lembrar que o segundo Conde, do mesmo nome, chegou a ser

governador de Baiona, que hoxe os lembra dándolle o seu nome ó Parador de Turismo. Por mor do casorio dunha descendente daqueles Condes cun Fernández de Córdoba, o Pazo de Gondomar pasou a ser do Ducado de Medinaceli, pechando así a súa historia que, segundo contan, iniciara o rei godo Gundemaro (do que vén o nome de Gondomar, e *se non é vero é ben trovato*...).

Os séculos XVIII e XIX virán marcados, como en tantas zonas do país, polo traballo agro-gandeiro (coa cría e coidado de gando en liberdade das vacas e cabalos -ou burras do monte- cos seus correspondentes curros para a rapa das bestas-, e os labores da pesca e marisqueo, cunha curiosa e orixinal creación de topónimos e microtopónimos (coa

talasonimia na mesma superficie do mar!, como ben estudou o polifacético investigador Xosé Lois Vilar Pedreira).

En outubro de 1936 a represión imperante produciu nove asasinatos da comarca miñorá e outros dous en Sabarís, lembrados aqueles na chamada Volta dos Nove ó pé do mar, onde durante décadas se repoñían as cruces de recordo pese á férrea censura franquista. No monumento hoxe alí chantado e celébrase o Día da Memoria no que tamén xoga un papel fundamental o amentado Instituto de Estudos Miñoráns.

Hoxe, toda esta ampla comarca corre o enorme perigo dunha excesiva saturación turística cunha grande presión inmobiliaria e hostaleira, sobre todo na costa, ó tempo que a imponente Serra da Groba ten que defenderse doutras agresións de igual ou maior alcance e de todo tipo, e parece que se vai salvando, tamén coa activa colaboración daquela entidade cultural exemplar.

**Para saber máis:**

C. Pérez Pérez: *Un percorrido pola historia do Val Miñor*, (Deputación de Pontevedra), Pontevedra 2012.

Soliño Troncoso / J. Chamorro Sanromán: *Percorridos do Patrimonio Cultural da vila e concello de Gondomar de Miñor*, (Concello de Gondomar – Instituto de Estudos Miñoráns), Vigo 2018.



Ponte da Ramallosa (Nigrán-Baiona)

O cole...

Xavier Fernández

## Celebración da vida e legado do mestre Arximiro Rico en Baleira



© Foto: Manuel

Este verán celebrouse un acto de homenaxe á figura de Arximiro Rico Trabada, mestre senlleiro do concello de Baleira, en Lugo. Xuntoouse boa parte da academia, a sociedade civil organizada, os representantes políticos e a xente do común da bisbarra. A xornada comezou pola mañanciña, diante da escola do Loureiro. Pola tarde, as conferencias continuaron na Pousada do Boieiro, en Esgrade.

A escola de Arximiro é hoxe unha sombra do seu esplendoroso pasado; deixou de ser o espazo de encontro e de saber que Arximiro quixo que fose. O esquecemento e a falta de conciencia histórica condenan á ruína non só as paredes, senón tamén o seu vizoso proxecto pedagóxico: unha escola na natureza, inclusiva, integral, moderna,

galega. Os docentes galegos sabemos que recuperar, reconstruír, rehabilitar son verbos que prelude o futuro e que están cargados de vigor e esperanza.

Por iso, pedimos que o concello de Baleira, como propietario da escola, asegure a continuidade do edificio, con vistas a convertelo nun lugar de uso comunitario.

**ARXIMIRO VIVE!**



© Foto: Manuel

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: R. García.

**Consello de redacción:** Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

**Colaboradores:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes.

Recepción de artigos e colaboracións en: [asoc.irimia@gmail.com](mailto:asoc.irimia@gmail.com)

Subscricións:

Tel.: 615 464 095 / [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



**IRIMIA**

Enquisa do IGE sobre o uso do galego:

Para que serve un "tesouro"?

Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

## Oración para unha ordenación como servidor (diácono)<sup>1</sup>

Oh! Divindade que es puro Amor, gozo, prosperidade e acollida!

Oh! O meu Xesús tenro e combativo, Cristo que desafiou as estruturas de poder que exclúen e oprimen aos seres máis desfavorecidos!

Oh! Espírito Santo, guíanos no noso camiño cara á liberación e a alegría, Ti que nos confires sabedoría, entendemento, fortaleza, creatividade, ciencia, razón e compaixón!

Recoñezo diante túa, Deus Pai/Nai/Ai, que somos persoas luminosas, completas e amadas sen facer acepcións por orixe, crenzas, liñaxe, corporalidade, identidade, expresión de xénero ou orientación afectivo-sexual.

Sinto que me impulsas a vivir en plenitude e liberdade, convidándome a ser unha persoa consciente, auténtica e responsable. Un servidor activo, enfocado como fiel discípulo teu, a alcanzar tanto a miña realización persoal como a colectiva.

Rogo que no meu camiño de compromiso como diácono da miña comunidade experimente sempre, de forma vívida e constante, que o divino habita en toda a Creación.



A porta do alén, no monte Seixo

Axúdame a desafiar con amor e valentía as inxustizas, mostrando unha solidariedade radical e un firme compromiso na construción dun mundo máis inclusivo, esperto e xusto.

Axúdame, Xesús, a coidar e favorecer comunidades ecofeministas, inclusivas e abertas a todas as relixións, espiritualidades ou crenzas. Comunidades cunha dimensión espiritual que nos alente a revisarnos, detectando calquera forma de opresión ou desigualdade, loitando activamente e de maneira interseccional por unha realidade máis equilibrada e respectuosa coa natureza e con todas as súas formas de vida.

Por todas estas cousas, celebrarei cada día a beleza do diverso como expresión da divindade, e traballarei xunto a Ti na miña vida espiritual e terreal, servindo amorosamente, máis aló da miña morte física, onde me espera o teu abrazo.

Amén.

1 - Achega de Christina Moreira desde Roma, onde nos lembra a ordenación de tres diaconisas, un diácono (Txus García Pascual, de Catalunya do que se reproduce esta oración) e tres presbíteras, “nunha barca no Tíber o 17 de outubro de 2024, nunha cerimonia santa profundamente acollidora onde se faloron como mínimo tres idiomas e experimentamos a verdadeira catolicidade e a ledicia de Pentecoste”

# IRMIÁ Falando da lingua

Lidia e Valentina

Despois das noticias sobre os novos datos de uso da lingua galega que acaban de saír nestes días que estamos a escribir o artigo, igual pensabades que vos íamos seguir dando a brasa co tema. Pois non, imos deixarvos un período de reflexión e logo xa nós “falaremos”... Neste número imos dedicarnos a outras cuestións. Empezamos por lembrarvos que botedes de conta que todo se acaba e ás veces acábase sen deixarmos as cousas feitas... O verán aló foi e a nós quedáronnos atrás dúas ideas que tiñamos para contarvos antes de que rematase, así que van agora, porque nunca é tarde...

Empezamos pedindo desculpas polo esquecemento que sufriu esta sección que sempre dedicaba un especial no número de setembro para homenaxear a fala da xente que nos acollía na Romaxe, pero desta volta pasoulle o compás polo aire. Pois aínda que pasou o día e pasou a romaría, non queremos deixar de lembrar as características dialectais de Lodoselo, ese lugar tan especial do concello de Sarreaus, na comarca da Limia, provincia de Ourense. Estando onde está pertence ao bloque central e, polo tanto, van dicir “pantalós”, “xamós”, “cas”, “mazás”, “limós” ou “irmaos e irmás”, isto é: o plural das palabras acabadas en -n fana quitando o -n e colocando un -s. Logo tamén empregarán “il” (non “el” como dicimos nós pola zona occidental) e “tu”. Oiriádeslles utilizar o posesivo “iste” e non confundiron nada o emprego do pronome “te” e do “che”. Non falan nin peor nin mellor ca ninguén, falan cunhas características da zona que hai que valorar e respectar, igual ca as que temos cadaquén.

En segundo lugar queremos reflexionar canda vós sobre as formas de comunicación que se están a estilar na actualidade, en todas as linguas, que isto non lle afecta só ao galego. Recordades o conto de «Non hai verán

sen calor nin “hortera” sen transistor». Cando nós eramos mozas empregábamolo moito porque nos importunaban os que ían co radiocasete á praia ou os que ían pola rúa coa música. E case sempre era música, que ao final escoltabamos nós tamén na casa, no bus... Pero agora, escoitamos conversas privadas en calquera lado, porque a xente ponse a falar co mans libres, e sobre todo a escoitar e enviar mensaxes de voz... pola rúa e en calquera sitio (cafetería, sala de espera do médico, autobús, peixaría...) Falar de lingua é tamén falar da canle de comunicación, que mudou; da relación entre o emisor e o receptor da mensaxe (que cada vez é máis distante) e do contexto (que actualmente poucas veces é o adecuado). Non teremos que reflexionar sobre como imos pasando do diálogo ao monólogo para comunicarnos? Deixamos mensaxes de voz que se contestan con outras mensaxes en tempo real, e así indefinidamente, en

sitios moi inapropiados moitas veces, pero non establecemos diálogos nos que nos podemos interromper, matizar, preguntar, aclarar, usar a función fática da linguaxe...

Reflexionade sobre as vosas prácticas e analizade se dialogades ou monologades coas persoas do voso círculo de comunicación máis próximo... Porque nos parece que na actualidade comunicámonos tal e como vivimos, con moita “ilusión”, pero ilusión no sentido etimolóxico do termo, que significaba “engano”. Nós mantemos a ilusión (co significado máis común de “felicidade que se sente pensando no desenlace positivo de algo”) de que isto se recompoña algo e que non acabemos cada un falando só cunha máquina.

Con ilusión esperamos a hora de escribir o seguinte artigo...e non bater con moita xente ao lado que se pon a escoitar vídeos a todo volume!



Déixame tu os xamós e os limós en Lodoselo, na casa do meu irmao. E ollo cos cás